



Procedemento e modelos para realizar os encargos:

Procedemento:

Os encargos do gasóleo para a calefacción realizaranse dende as direccións dos centros, atendendo as necesidades de cada momento, seguindo o seguinte procedemento:

- a) O/a director/a do centro docente (responsable do contrato derivado) enviará unha solicitude de oferta económica **a todas as empresas seleccionadas** como adxudicatarias do lote correspondente ao ámbito no que se integre o centro. Esta petición realizarase por correo electrónico no enderezo sinalado para os efectos de notificacións polas empresas adxudicatarias conforme ao modelo 1 (modelo de solicitude de orzamento).
- b) No prazo dos dous días laborables seguintes ao envío das solicitudes de oferta económica, as empresas deberán remitir ao enderezo electrónico dende o que se enviou a solicitude, unha oferta económica seguindo o modelo 2 (modelo oferta empresa), e que pode consistir en:
 - a. A porcentaxe de desconto ofertada na licitación do acordo marco aplicado ao prezo publicado no Boletín Oficial do Petróleo da CE publicado no día do envío da solicitude da oferta.
 - b. A porcentaxe de desconto anterior máis un porcentaxe de desconto adicional.
- c) Transcorridos os dous días para recibir as ofertas, o/a director/a do centro realizará o encargo da subministración á empresa que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa. Esta petición realizarase por correo electrónico no enderezo sinalado para os efectos de notificacións polas empresas adxudicatarias.
- d) No prazo dos dous días laborables seguintes ao envío do encargo, o contratista realizará a subministración ante o responsable do contrato derivado (director/a do centro) ou persoa en quen este delegue a tarefa, quen asinará o albarán de entrega da subministración que a empresa contratista lle entregue para o procedemento de conformación das facturas.
- e) A factura aboarase dende o propio centro.

Prezo dos encargos

Enlace ao Boletín Oficial do petróleo da UE:

<https://ec.europa.eu/energy/en/data-analysis/weekly-oil-bulletin>

Método de cálculo do prezo:

O prezo dos encargos derivados do acordo marco será calculado segundo a seguinte fórmula:



PF = (PCE – DESCONTO + IH) + IVE	<i>O prezo final (PF) dos encargos calcularase aplicando o desconto, por litro de combustible, ao prezo semanal publicado no Boletín Oficial do Petróleo da CE para o gasóleo en España (PCE) sen impostos, no momento da solicitude do orzamento. Sobre este prezo aplicarase o Imposto sobre hidrocarburos (IH) e, finalmente, sumaráselle o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) indicado en partida independente.</i>
--	---

Deben terse en conta no momento de determinar o prezo do contrato derivado as seguintes precisións:

- O desconto ofertado por cada un dos adxudicatarios deberá respectar como mínimo, o ofertado na licitación do acordo marco, que fixa para cada un dos adxudicatarios o desconto mínimo a aplicar.
- Porén, no momento de solicitudes de orzamentos dos encargos derivados, cada un dos adxudicatarios do acordo marco pode realizar un desconto maior ao que ofrecera inicialmente, limitado a ese encargo concreto, sempre respectando o desconto mínimo do acordo marco.
- O desconto ofertado aplicarase sobre o último prezo semanal sen impostos publicado no Boletín Oficial do Petróleo da CE para o gasóleo en España, publicado no momento da solicitude do orzamento.

Enlace: <https://ec.europa.eu/energy/en/data-analysis/weekly-oil-bulletin>

- No suposto de empate no desconto ofertado, resolverase o empate en favor do adxudicatario que houbese ofertado o desconto maior no acordo marco. En caso de persistencia do empate acudirase aos criterios de desempate sinalados para o acordo marco.
- Unha vez aplicado o desconto, aplicaráselle á base imponible todos os impostos aplicables segundo a normativa vixente.
- O prezo ofertado inclúe todos os gastos necesarios para a súa correcta execución, en particular todos os derivados do transporte e entrega do combustible nos depósitos dos centros.

Os cálculos indicados deben vir reflectidos nas ofertas das empresas adxudicatarias.